

LA NOVIA DEL DESIERTO

[Cecilia Atán & Valiera Pivato, 2017]

431

ESTREA EN NUMAX: 31.08.2018 | V.O. | TP

La novia del desierto (2017, 85')

Dirección: Cecilia Atán, Valeria Pivato

Guión: Cecilia Atán, Valeria Pivato, Martín Salinas

Elenco: Paulina García, Claudio Rissi

Son: Pablo Bustamante

Montaxe: Andrea Chignoli

Música: Leo Sujatovich

Fotografía: Sergio Armstrong

Produtoras: Ceibita Films, El Perro en la Luna, Haddock Films (Arxentina)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Un Certain Regard), Fénix 2017 (Nomeada a mellor actriz —Paulina García—), Sur 2017 (Nomeado a mellor guión adaptado, música e ópera prima), La Habana 2017 (Mellor ópera prima), Platino 2018 (Nomeado a mellor ópera prima)

SINOPSE

Teresa ten 54 anos e sempre traballou como criada cunha familia de Buenos Aires. A familia vende a casa e ela non ten máis remedio que aceptar un traballo en San Juan, unha cidade lonxana. A pesar de que non lle gusta viaxar, sobe a un autobús para cruzar o deserto. Na primeira parada da longa viaxe, na terra da milagrosa Santa Correa, perde o bolso con todas as súas pertenzas. O incidente fará que coñeza a El Gringo, un vendedor ambulante e a única persoa capaz de atopar o seu bolso. O que parecía ser o fin do mundo convértese no comezo dun novo.

«Unha obra cativadora, tan reconfortante como unha brisa no deserto»

David Rooney,
THE HOLLYWOOD REPORTER



“Só nos atopamos a nós mesmas cruzando o deserto”

Nota das directoras

O noso filme é un percorrido polo deserto; un deserto que funciona como metáfora: a incomodidade do autodescubrimento. Ao principio da historia, Teresa vive nun mundo que coñece, aparentemente un mundo seguro. Cre formar parte dunha familia á que dedicou a súa vida. Pasaron os anos e agárrase ao pouco que ten. Pero as circunstancias mudan de golpe e todo se esfarela ao seu redor. De súpeto, aos 54 anos, Teresa non ten onde ir.

Para moitas persoas sería a fin da historia pero no noso caso é o comezo. Cremos que a ausencia de seguridade pode revelarnos un potencial interno sen explorar; obrigaranos a nos enfrentar a sentimentos e desexos que non somos quen de recoñecer como propios. No caso de Teresa, a viaxe polo deserto ha servir para espertar lentamente até o intre en que se decate da descoñecida forza que leva dentro. Mentres cruzan os diferentes lugares que se abren ante ela, esta muller silenciosa e opaca empeza a adquirir vida e cor. Cada universo está caracterizado polas persoas que o ocupan, pero todos sinalan na mesma dirección, o Santuario da primeira parada, o umbral que Teresa ha de cruzar para descubrir a variedade do mundo e o potencial ineludíbel da vida.

Nunha época na que a sociedade tenta convencernos de que se non vivimos algo sendo novos probabelmente nunca o coñecemos queremos recuperar o valor do proceso, da busca, do paso do tempo, do traballo necesario para medrar e atopar o sitio onde pode estar o noso interior.

“Os platós de rodaxe foron o lugar de aprendizaxe”

Entrevista con Cecilia Atán e Valeria Pivato

Fálenos das orixes do filme. O punto de partida de *La novia del desierto* consistía en plasmar a sensación de estar en ningunha parte a través dun personaxe. Teresa é unha muller de 54 anos que dedicou a súa vida a coidar dunha familia nun mundo que pensaba seu aínda que, tal como descobre, non era tal. Ao empezo do filme, a casa onde leva traballando 30 anosponse á venda e as circunstancias mudan radicalmente; o seu mundo derrúbase nun abrir e pechar de ollos. O mareo e a sensación de incerteza que a invaden ao verse obrigada a abandonar ese lugar seguro convértense no motor dun cambio que a levará a se embarcar nunha busca inesperada, durante a que entrará en contacto cos seus desexos e enfrontarase co mundo.

Como foi a rodaxe? O ambiente durante a rodaxe era moi especial; xa se sabe que dúas mulleres codirixindo un filme non é moi habitual, cando menos en Latinoamérica. Esforzámonos en transformar esta peculiaridade nun punto positivo, achegando o máximo das nosas capacidades. Rodar no deserto implica todo tipo de dificultades, pero sempre tentamos manter un fluxo de enerxía positiva e ao equipo unido. A este respecto ser dúas permitiunos enfrontarnos con máis forza a calquera tipo de problema, ademais de estudar entre as dúas cal era sempre a mellor decisión.

Cales foron as súas fontes de inspiración?

Ambas tivemos a sorte de facer parte do equipo técnico de grandes realizadores, o que nos permitiu adquirir formas moi diferentes e individuais de facer fronte aos diversos obstáculos que xorden durante a realización dun filme. Cando pensamos nas influencias que recibimos cremos que os platós de rodaxe foron o lugar de aprendizaxe porque nos ofreceron unha proximidade con creadores da talla de Pablo Trapero, Juan José Campanella, Christopher Hampton e Juan Solanas entre outros. Tamén nos influíron, como espectadoras, directores estranxeiros, pero a experiencia de máis de 15 anos como técnicas en platós foi decisiva.

Textos publicados en www.golem.es
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónete
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!